

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS

Memoria 2021



**XUNTA
DE GALICIA**



XUNTA
DE GALICIA

Servizo Galego de Saúde
Galaria - Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Edita:
Galaria - Empresa Pública de Servizos Sanitarios.

Coordinación:
Alicia Piñeiro Redondo

Lugar e ano de publicación:
Santiago de Compostela, 2023

Maquetación:
Relaciones Públicas Galicia S.L.

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA
DE SERVICIOS SANITARIOS

Memoria 2021

ÍNDICE

02 A organización

- 03 Misión e visión
- 04 Valores
- 06 Estrutura
- 08 Organigrama
- 09 Relación de postos de responsabilidade
- 12 Principais competencias
- 13 Recursos humanos
- 14 Información orzamentaria

15 Datos de actividade durante o ano 2021

- 16 Datos xerais de actividade
- 18 Outra actividade

19 Actividade asistencial

- 19 Diagnóstico por imaxe
- 21 Medicina nuclear
- 25 Oncoloxía radioterápica
- 26 Servizo de radiofísica
- 27 Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR)
- 29 Servizo de consultoría
- 30 Unidade de produción de radiofármacos PET de Galicia
- 31 Plataforma multiservizo Saúde en Liña
- 32 Teléfono de atención á cidadanía 881002021
- 32 Oficina Técnica de Seguimento (OTS)
- 33 Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia
- 35 Outras accións máis significativas no 2021
- 36 Actividades en materia de investigación e desenvolvemento



1. A ORGANIZACIÓN

Un ano máis, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.U., resume nestas páxinas o labor desenvolvido, ao longo do último exercicio, polas súas diferentes áreas de actividade, xunto cos acontecementos máis relevantes protagonizados ou promovidos pola organización ao longo de 2021, un ano marcado pola Covid-19 e os novos proxectos asistenciais.

Galaria é unha empresa pública autonómica do Servizo Galego de Saúde ao servizo técnico da Xunta de Galicia. O seu valor engadido é a súa capacidade para desenvolver de maneira integral e transversal calquera proxecto de xestión sanitaria que requira unha ampla abordaxe dada a súa complexidade.

Na actualidade, ademais de ofrecer servizos sanitarios de alta tecnoloxía, está habilitada para desenvolver, executar e explotar infraestruturas sanitarias promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, e para desenvolver actividades de consultoría no ámbito sanitario, xunto con outros servizos e proxectos relacionados co ámbito da saúde de carácter transversal.

É unha sociedade con autonomía de xestión e de carácter e capital integramente público:

- Carácter público. Sociedade de titularidade pública e capital integramente público (100% Servizo Galego de Saúde).
- Unidades asistenciais integradas nos hospitais do Servizo Galego de Saúde.
- Autonomía de xestión. Flexibilidade e axilidade na prestación da atención sanitaria.
- O paciente como obxectivo prioritario. Organización da actividade ao redor do proceso asistencial.
- Calidade e mellora continua. Empresa comprometida coa calidade en sentido integral. Todos os servizos de Galaria dispoñen da certificación de calidade ISO 9001:2015.

MISIÓN E VISIÓN

Actualmente, Galaria desenvolve aqueles proxectos que lle son encomendados, segundo a seguinte **MISIÓN**:

1. Colaborar co Servizo Galego de Saúde na atención dos pacientes de Galicia nas especialidades:

- Oncoloxía radioterápica
- Radiofísica
- Medicina nuclear
- Diagnóstico por imaxe

2. Impulsar e promover, en colaboración con ACIS e co resto de axentes do sistema, a aplicación da innovación sanitaria en procesos, servizos e tecnoloxías nos nosos campos de actividade.

3. Xestionar os centros e servizos que sexan asignados pola autoridade competente.

4. Desenvolver, fabricar e distribuír fármacos aos distintos centros sanitarios.

5. Prestar servizos de asesoramento e control de calidade en protección radiolóxica.

6. Prestar proactivamente servizos de consultoría na dotación de equipamento sanitario e xestionar outras solicitudes.

Galaria, na súa **VISIÓN** de futuro, fixa converterse nunha organización de referencia para o ecosistema sanitario, na prestación dos servizos reflectidos na misión, tanto polo noso modelo e capacidade, como pola orientación á innovación de produtos, procesos e servizos, apoiando o Servizo Galego de Saúde e as áreas sanitarias na mellora da súa calidade asistencial e dos seus resultados.

VALORES

Cara ao paciente:

1. Calidade asistencial cara ao paciente: nos servizos asistenciais, buscando a máxima calidade asistencial.
2. Orientación á persoa. Humanización do trato aos pacientes e ás familias.

Cara a outros axentes:

3. Orientación á colaboración con outros axentes relacionados, co espírito de colaboración con terceiros, a vocación de servizo e de ser útiles. Galaria entende o sistema sanitario como unha suma de capacidades de axentes diferentes que, compartidas, fan mellor o funcionamento do sistema e melloran o seu resultado co paciente.

Na xestión:

4. Eficiencia. Definida pola preocupación por ser eficaces co consumo axeitado de recursos, así como ser áxiles e resolutivos.
5. Innovación. Actitude da organización que aspira á mellora continua dos seus procesos e servizos, así como a impulsar a innovación e o cambio en sentido amplo, tanto dentro coma cos axentes cos que se relaciona.

Co persoal:

6. Formación continuada do cadro de persoal.
7. Implicación do persoal. Galaria son as persoas, e impulsa o maior compromiso e implicación entre todo o persoal para o bo desenvolvemento dos servizos.

Na actividade diaria, Galaria implícase ao máximo nivel cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde, que comparte e asume como propios, funcionando como un axente máis do sistema e con esa orientación á colaboración.

Obxectivos básicos na planificación xeral

Eixo	Descrición eixo
E2	Benestar das persoas e das familias e cohesión social

Eixo	Prioridade de actuación	Descrición da prioridade de actuación
E2	PA2.1	Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables

ESTRUTURA

O órgano de goberno de Galaria é o Consello de Administración, que está presidido estatutariamente polo conselleiro de Sanidade e integrado por outros altos cargos da mesma consellería, da Consellería de Facenda e do Servizo Galego de Saúde.

Composición do Consello de Administración en 2021


Presidente e conselleiro delegado	Julio García Comesaña Conselleiro de Sanidade
Vicepresidente	José Manuel Flores Xerente do Servizo Galego de Saúde
Secretaria	Laura Recacho Rivas Subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade
Conselleiros	Alberto Fuentes Losada Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade
	Carmen Durán Parrondo Directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade
	Jorge Atán Castro Secretario Xeral Técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública
	María Jesús Piñeiro Bello Directora de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde
	Ana María Comesaña Álvarez Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde
	Jorge Aboal Viñas Director de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

O Consello de Administración nomea o director xerente, ao que lle corresponde xestionar a organización. Cada unidade clínica, así como o Servizo de Consultoría, o Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica e a Unidade de Radiofármacos PET Galicia teñen á fronte un responsable, que forma parte da estrutura directiva da empresa, e o cadro directivo intégrano, ademais, un director de recursos humanos e un director económico-administrativo.

A empresa ten unha estrutura organizativa de carácter matricial. Tanto as unidades asistenciais como o Servizo de Consultoría, o Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica e a Unidade de Radiofármacos PET dispoñen dun alto grao de autonomía de xestión. Estas áreas da organización, que actúan como "centros de actividade" contan, para levar a cabo o seu labor asistencial e de asesoría, co apoio das áreas de Recursos Humanos e Económico-Administrativa, xunto con outros departamentos de soporte, como os de Calidade, Mantemento e Obras, Informática, Contratación, Comunicación e Riscos Laborais, que, ademais de facilitarlles as xestións non directamente asistenciais, participan activamente nos procesos de planificación, elaboración de orzamentos e control dende as súas respectivas ópticas.



ORGANIGRAMA



O organigrama vixente foi aprobado polo Consello de Administración na súa sesión do día 22 de marzo de 2013.

A partir da integración no hospital Álvaro Cunqueiro das unidades de Cirurxía Cardíaca e Cardioloxía Intervencionista, dende o día 30 de xuño de 2015, o organigrama mantense baixo o mesmo esquema pero sen esas dúas áreas asistenciais.

RELACIÓN DE POSTOS DE RESPONSABILIDADE

DIRECCIÓN	Rocío Mosquera Álvarez Directora xerente
	Rosario Royo Martel Directora de Recursos Humanos
	Pablo Ponte González Director económico-administrativo
RESPONSABLES DE ÁREAS DE SOPORTE	Alicia Piñeiro Redondo Responsable de Calidade
	Odilo García Rivera Responsable de Mantemento, Obras e Compras
	Celso Diz González Xefe de Servizo de Informática
	Antonio Andreu Vázquez Responsable de Relacións Laborais e Riscos Laborais
OUTROS POSTOS DE RESPONSABILIDADE NA ESTRUCTURA CENTRAL	Leonor María Bueno Lema Xefe de sección de Contabilidade
	Patricia Peleteiro Alonso Responsable de Facturación e Sistemas de Información

ASISTENCIA SANITARIA

MEDICINA NUCLEAR	Ramón Guitián Iglesias	Director técnico
	Ana María López López	Xefe de sección - Vigo
	Ana Cristina Gil Rodríguez	Supervisora
DIAGNÓSTICO POR IMAXE	Mercedes Arias González	Xefa de servizo
	Juan José Bugarín Pampillón	Coordinador
ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA	Víctor Muñoz Garzón	Director técnico
	M ^a Luisa Vázquez de la Torre	Xefe de sección
	Manuel Jesús Enguix Castelo	Supervisor

UNIDADES DE SERVICIOS

SERVIZO DE CONSULTORÍA	Alicia Piñeiro Redondo	Xefa de servizo
SERVIZO DE RADIOFÍSICA	Manuel Salgado Fernández	Xefe do servizo
UNIDADE TÉCNICA DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA	Fernando Ruiz García	Xefe de sección
CONTROL DE XESTIÓN	Patricia Mantilla Álvarez	Responsable do servizo

UNIDADE DE PRODUCCIÓN DE RADIOFÁRMACOS PET GALICIA

UNIDADE DE PRODUCCIÓN
DE RADIOFÁRMACOS PET
GALICIA

Santiago Medín Aguerre

Director técnico



PRINCIPAIS COMPETENCIAS

- 1.** Colaborar co Servizo Galego de Saúde na atención aos pacientes de Galicia en oncoloxía radioterápica, radiofísica, medicina nuclear e diagnóstico por imaxe.
- 2.** Impulsar e promover a aplicación da innovación sanitaria en procesos, servizos e tecnoloxía.
- 3.** Xestionar centros e servizos asignados pola autoridade competente.
- 4.** Desenvolver, fabricar e distribuír radiofármacos.
- 5.** Asesoramento e control de calidade en protección radiolóxica.
- 6.** Servizos de consultoría.
- 7.** Outros servizos sanitarios: Plataforma de Servizo en Liña, Oficina Técnica de Seguimento (OTS) da Plataforma Loxística Integral.

RECURSOS HUMANOS

CADRO MEDIO DE PERSOAL

O cadro medio de persoal de Galaria situouse o 31 de decembro de 2021 en 195 persoas, 12 traballadores máis que a media de persoal rexistrada o 31 de decembro de 2020.

ANO	ESTAMENTO	%
2021	PERSOAL FACULTATIVO	19%
	PERSOAL SANITARIO NON FACULTATIVO	50%
	PERSOAL NON SANITARIO	31%

A cifra de actividades formativas promovidas por Galaria en 2021 foi de 83 accións. Nesas iniciativas de formación participaron 351 traballadores nun total de 3.155,75 horas de formación.

Das 83 actividades de 2021, 56 delas centráronse en contidos asistenciais (67%), 14 estiveron relacionadas con aspectos de xestión (17%) e 13 foron actividades de prevención de riscos (16%).

TIPOLOXÍA	ASISTENCIA
SESIÓN INTERNA SERVIZO	137
REUNIÓN CIENTÍFICA	1
OBRADOIRO, SEMINARIO, XORNADA...	36
CURSO	161
CONGRESO	14
OUTROS	2

INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

		EXERCICIO 2021
A)	OPERACIÓNS CONTINUADAS:	
1	Importe neto da cifra de negocios	794.840
4	Aprovisionamentos	(3.644.039)
5	Outros ingresos de explotación	15.561.473
6	Gastos de persoal	(8.800.786)
7	Outros gastos de explotación	(2.804.153)
8	Amortización do inmovilizado	(1.095.635)
12	Outros resultados	(2.000)
A) 1	RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	9.700
A) 2	RESULTADO FINANCIEIRO	(9.700)
A) 3	RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	—
A) 4	RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS	—
A) 5	RESULTADO DO EXERCICIO	—



2. DATOS DE ACTIVIDADE DURANTE O ANO 2021

A crise sanitaria asociada á COVID-19 tivo un enorme impacto na sociedade, derivado dunha situación que ata a actualidade non se producira nunca antes. Un fenómeno dunhas características que alterou de forma significativa a demanda de servizos sanitarios, caracterizado por unha falta e encarecemento de artigos de protección e produtos de hixiene, así como aumento dos tempos de asistencia, situacións que tiveron o seu efecto negativo nos datos económicos e de actividade de Galaria no ano 2020.

A crise evolucionou durante os dous anos transcorridos dende a súa detección, obrigando a adoptar medidas sanitarias co fin de influír na devandita evolución, cambiando protocolos de actuación, orixinando novos servizos de atención sanitaria e novas necesidades de xestión.

Galaria non foi allea a esta crise, afectando de forma directa a todos os estamentos da sociedade, actividade asistencial, administrativa, laboral, etc., e provocando alteracións nos niveis de actividade, custos dos procedementos, e cambios organizativos co fin de garantir a maior calidade asistencial e a seguridade dos pacientes e traballadores da sociedade.


Este contexto sanitario obrigou as administracións sanitarias a adoptar medidas para reforzar as canles de comunicación e información aos cidadáns sobre os síntomas e a resolución de dúbidas en relación á COVID-19. Dada a condición de Galaria de medio propio personificado respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do Sector Público Autonómico para a execución de actividades que lle sexan encargadas por esta, permitiu a realización do encargo de novos proxectos urxentes de atención ao cidadán e de información relacionada coa COVID-19, os cales lle foron encargados á sociedade e postos en marcha nun curto espazo de tempo e con recursos limitados que precisaron de financiamento extraordinario, iniciados no 2020 e continuados ao longo de 2021 (autocovid móbil, 881002021, tarxeta sanitaria, consultas vacinación).

DATOS XERAIS DE ACTIVIDADE

Contratos licitados

- Importe: 2.815.682,14€

Contratación administrativa



TIPO	PORCENTAXE	IMPORTE SOLICITADO SEN IVE
ABERTO	73,92%	2.081.339,29
NEGOCIADO	1,86%	52.393,00
MENOR	19,61%	552.184,85
RESTO (deserto)	4,61%	129.765,00

- Número de probas/tratamientos/outros: 53.151 unidades
- Solicitudes atendidas en Call Center: 1.143.424 chamadas
- Teléfonos COVID: 735.561 chamadas
- Autocovid móvil: 210.224 probas

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	UNIDADES
B.AA1	Nº de tratamientos oncológicos	2.694
B.AB1	Nº de resonancias magnéticas	23.091
B.AC1	Nº de gammagrafías (Vigo)	5.441
B.AC2	Nº de gammagrafías (Ourense)	5.282
B.AC3	Nº de PETS	4.652
B.CA1	Controis de protección radiológica	619
B.CB1	Nº de doses de FDG e F-Colina subministradas	11.372

OUTRA ACTIVIDADE

INDICADOR	DESCRICIÓN	UNIDADES
B.XA1	Solicitud de traballos recibidos en consultoría	100% das peticións recibidas
B.XA3	Solicitudes atendidas en Call Center	1.143.424 chamadas atendidas
	DESCRICIÓN	UNIDADES
	Teléfonos COVID	735.516 chamadas atendidas
	Autocovid móvil	210.224 probas



3. ACTIVIDADE ASISTENCIAL

Como se mencionou anteriormente, é necesario resaltar que o ano 2021 se caracterizou por seguir sendo un período asociado á pandemia da COVID-19, que afectou directamente á programación das unidades asistenciais. Sen embargo, lograron recuperarse de forma importante os niveis de actividade anteriores.

DIAGNÓSTICO POR IMAXE

Galaria desenvolve a súa actividade a través de tres equipos de alto campo que actúan nos sete hospitais comarcais da rede do Servizo Galego de Saúde, facilitando o acceso á alta tecnoloxía sanitaria. Tamén colabora de maneira activa na atención de pacientes doutros centros con equipos de resonancia fixa, para mellorar o tempo de resposta e reducir listas de espera nos hospitais públicos de Vigo, Lugo e A Coruña.

Como se ven indicando ao longo deste informe, o ano 2021 seguiu condicionado pola pandemia da COVID-19, que requiriu da aplicación de protocolos especiais de atención aos pacientes para minimizar os posibles contaxios. Os períodos de citación fóronse axustando paulatinamente, o que permitiu reducir o descenso de actividade dun 39% con respecto ao ano 2019 ao fin do confinamento, ata un 14% a partires do 22 de xuño ata final do ano 2020. Sen embargo, no 2021, grazas á mellora das condicións sociais e asistenciais da pandemia e a capacidade de resposta da unidade, conseguíronse mellorar os datos do ano 2019.

Destacar polo tanto que, pese ás circunstancias, a unidade foi quen de atender aos pacientes dos hospitais comarcais coa mesma calidade e nivel de eficiencia de sempre, con un incremento moi significativo de estudos complexos como a resonancia de mama ou de próstata.

RESONANCIAS MAGNÉTICAS		
2019	2020	2021
21105	18374	23091

Un cambio importante no 2021 foi a substitución a finais de ano do equipo de resonancia máis antigo por unha nova resonancia magnética de alto campo, que ven a sumarse á renovación tecnolóxica dos equipos; proceso que está previsto que finalice no ano 2023 coa adquisición dun novo equipo de alto campo.

A nova resonancia móbil incorpora tódalas actualizacións en canto a deseño e confort para o paciente (aumento do tamaño do cilindro do imán, dous vestuarios, etc.) e sobre todo os últimos avances tecnolóxicos, con aplicación de sistemas de intelixencia artificial para a mellora da calidade dos estudos de resonancia e facilitar a realización de estudos, non só morfolóxicos, se non tamén funcionais.

Adicionalmente, a unidade prestou servizo de telerradioloxía, que permitiu informar a distancia resonancias magnéticas realizadas polas unidades móbiles de resonancia nos hospitais comarcais da rede Servizo Galego de Saúde, así como nos centros hospitalarios de Coruña, Pontevedra, Vigo e Lugo.



MEDICINA NUCLEAR

MEDICINA NUCLEAR VIGO

A Unidade de medicina nuclear de Vigo aumentou o número de pacientes tratados no 2021 respecto do ano 2020 nun 9,7%; sen embargo, non se acadou o número de pacientes prepandemia. Igualmente non se acadaron os niveis prepandemia respecto ao número de procedementos.

PACIENTES TRATADOS		
2019	2020	2021
3823	3131	3438
Nº DE PROCEDEMENTOS		
2019	2020	2021
6256	5199	5441
Nº DE PROCEDEMENTOS TERAPÉUTICOS CON HOSPITALIZACIÓN EN TERAPIA METABÓLICA		
2020	2021	
171	136	

Durante 2021 realizáronse obras de acondicionamento e ampliación do Servizo de medicina nuclear e terapia metabólica. Novas e modernas instalacións que permiten dotar de espazos máis funcionais e cómodos para os pacientes e traballadores, contando cunha habitación adicional no caso de terapia metabólica.

En relación coas entradas e saídas de pacientes durante o ano 2021, cumpriuse o obxectivo dun maior número de saídas de pacientes fronte a entrada dos mesmos á espera dunha proba de medicina nuclear. Desta maneira, a lista de espera de medicina nuclear para procedementos diagnósticos mantívose nos baixos niveis do ano pasado, cunha espera media por debaixo de 24 días para estudos iniciais e 18 días para totais, con una demora máxima de 89 días.

ENTRADAS E SAÍDAS PACIENTES MN	
ENTRADAS	SAÍDAS
4597	4624

Respecto ao número de pacientes en PET/CT atendéronse en 2021 un total de 3.971 pacientes, o que representa un incremento do 6,5% respecto do ano anterior, e un incremento dun 7,7% respecto ao total de 2019. Está técnica estivo afectada en menor medida pola COVID o tratarse dunha técnica que se emprega maioritariamente en pacientes oncolóxicos.

PACIENTES TRATADOS PET/CT		
2019	2020	2021
3688	3729	3971

ENTRADAS E SAÍDAS PACIENTES PET/CT	
ENTRADAS	SAÍDAS
2437	2463

A espera media ao final do ano 2021 é de 20 días para estudos iniciais e de 10 días para pacientes PET/CT totais, con una demora máxima de 86 días y un total de 164 pacientes en espera. A demora media é de 24,5 días para F-Colina, con una demora máxima de 86 días e un total de 36 pacientes.

No que respecta á realización de novas probas, durante o ano 2021 continúa a realización das prestacións conxuntas PET/CT con contraste radiolóxico en patoloxía tumoral pulmonar, coa intención de aglutinar dúas exploracións, TAC e PET nun mesmo estudo, evitando deste xeito unha segunda cita ao paciente, coa coordinación entre os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro e a participación conxunta dos servizos de Pneumoloxía, Radioloxía de Tórax e Medicina Nuclear. Esta prestación conxunta ten continuidade no ano 2022.

En canto á carteira do servizo, durante o ano 2021, incorporouse PET 68 Ga Dotatoc, para o diagnóstico de tumores neuro-endocrinos, realizando no ano 2021 un total de 32 procedementos diagnósticos con este radiofármaco.

MEDICINA NUCLEAR OURENSE

A actividade realizada pola Unidade de medicina nuclear de Ourense, acadou a cifra de 3.453 pacientes en 2021, o que representa un aumento dun 19,9% respecto o ano anterior, manténdose en niveis de prepandemia.

A lista de espera a finais do ano 2021 foi de 35 días de espera media iniciais, de 25 días de espera media totais e 66 días de espera máxima cun total de 189 pacientes en espera no ano 2021 (321 pacientes en 2020).

En canto ás entradas e saídas de solicitudes de probas, producíronse 109 saídas máis que entradas, cumpríndose novamente o obxectivo marcado dun maior número de saídas que de entradas de pacientes en espera dun procedemento.

PACIENTES TRATADOS		
2019	2020	2021
3508	2756	3453

ENTRADAS E SAÍDAS PACIENTES	
ENTRADAS	SAÍDAS
1603	1712

ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

O exercicio 2021, como ven ocorrendo nos últimos exercicios, aumenta de forma lineal o número de tratamentos realizados, converténdose nun dos períodos no que máis pacientes se trataron en toda a historia da Unidade de oncoloxía radio-terápica. Todo un éxito se consideramos as dificultades derivadas da substitución do acelerador máis antigo da unidade, o cal trataba a maior cantidade de pacien-tes con tratamentos máis sinxelos. Concretamente, do total de tratamentos fina-lizados, 2.323 corresponderon a teleterapia, 219 a radiocirurxía e 152 a braquite-rapia, datos que no seu conxunto representan un aumento dun 8,7% respecto do exercicio anterior.

PACIENTES TRATADOS	
2020	2021
2477	2694
ENTRADA E SAÍDA DE PACIENTES	
ENTRADAS	SAÍDAS
3104	2992

No ano 2021 mantívose o incremento das técnicas de intensidade modulada de doses (IMRT) respecto aos niveis do ano anterior, onde á súa vez aumentaron significativamente grazas aos novos equipos de radioterapia instalados en anos anteriores, pasando de tratar con este sistema 664 pacientes no ano 2019, 749 no ano 2020 e 938 no 2021, todas elas tratadas con arcoterapia volumétrica (VMAT).

Este dato representa una progresiva mellora na calidade asistencial que propor-ciona este servizo, porque a súa aplicación supón unha notable diminución das complicacións tras o tratamento, permitindo o emprego de maiores doses dirixi-das ao tumor con gran precisión, preservando os órganos sans que o circundan, o que permite tratar un maior número de pacientes no mesmo tempo.

SERVIZO DE RADIOFÍSICA

Na área de radioterapia continuouse co labor de control de calidade en aceleradores e braquiterapia. Na área de dosimetría clínica seguiu atendéndose a demanda asistencial, cun importante incremento na complexidade dos tratamentos ao dispor de tres máquinas capaces de realizar intensidade modulada volumétrica (VMAT).

A mediados do 2021, o acelerador máis antigo da Unidade de oncoloxía radioterápica (Oncor) cesou na súa actividade sen posibilidade de reparación, iniciándose o proceso de instalación dun novo acelerador de última xeración (VitalBeam). Isto derivou en que a unidade só puidese traballar en tres aceleradores, polo que houbo que implantar unha terceira quenda de traballo para manter a actividade asistencial. O novo acelerador está actualmente en fase de medicións e probas, polo que se espera que estea en funcionamento na primeira metade do ano 2022.

En medicina nuclear continuouse co control de calidade dos equipos, e traballouse na remodelación da área de terapia metabólica, que rematará coa posta en marcha dunha nova habitación de pacientes ingresados.

O Servizo de radiofísica, conxuntamente coa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), continuou realizando as tarefas habituais de protección radiolóxica na Unidade de medicina nuclear do hospital do Meixoeiro e nas instalacións de radiodiagnóstico situadas en hospitais, ambulatorios, centros de especialidades e unidades de atención primaria dependentes do Servizo Galego de Saúde na Área Sanitaria de Vigo.

UNIDADE TÉCNICA DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

A Unidade Técnica de Protección Radiolóxica de Galaria (UTPR) dedícase á protección radiolóxica no ámbito das instalacións de radiodiagnose médica, conforme a súa autorización obtida polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN).

Na actualidade, a UTPR ocúpase dos controis de calidade e medicións de doses de todos os centros do Servizo Galego de Saúde, excepto dos que son controlados polo propio Servizo de protección radiolóxica na Área Sanitaria de Santiago. Noutras Áreas Sanitarias, como as de Lugo, Ourense e Vigo, colaborouse cos Servizos de protección radiolóxica propios para o cumprimento dos requisitos legais no ámbito da protección radiolóxica referente aos aparellos de raios X. Nas Áreas Sanitarias de Ferrol, A Coruña e Pontevedra realízase a medición de doses na súa totalidade.

A UTPR realizou controis de calidade do equipamento radiolóxico incluíndo monitores de visualización da imaxe diagnóstica médica, así como todo tipo de soportes de imaxe dixital, empregados en radiacións ionizantes producidos por todos os tipos de modalidade de imaxe radiolóxica existentes conforme ao establecido polo Protocolo Español de Control de Calidade en Radiodiagnose, e medicións na totalidade dos hospitais e centros de saúde que pertencen as Áreas Sanitarias de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Lugo. Así mesmo, realizou controis no hospital comarcal de Valdeorras e no hospital de Verín da Área Sanitaria de Ourense. Durante o 2021, realizáronse todos os servizos incluídos na Addenda do Contrato Programa de Galaria co Servizo Galego de Saúde.

No ano 2021, como tamén sucedeu en anos anteriores, hai que salientar a incorporación de novos equipos, derivada das compras que realizou o Servizo Galego de Saúde por medio de diferentes expedientes de contratación; renovación que tamén tivo incidencia na actividade da UTPR. O papel desta unidade foi moi importante, tanto no deseño da instalación, como no asesoramento, aceptación e supervisión da calidade dos novos equipos instalados.

Debido á COVID-19, suspendéronse as actividades formativas dende 2020 en protección radiolóxica, que teñen que realizarse in situ nas instalacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. A partir de 2022 a unidade reactivará a actividade formativa, e máis concretamente respecto da formación do persoal exposto en raios X, da rede pública do Servizo Galego de Saúde, aproveitando a incorporación do programa XEDOSE en todas as áreas sanitarias da rede pública do Servizo Galego de Saúde.

Os datos de actividade do exercicio 2021 indican que a UTPR levou a cabo un total de 619 controis de calidade de todos os diferentes tipos de equipos incluídos na cadea de imaxe diagnóstica dixital dos Servizos de radioloxía do Servizo Galego de Saúde. Tamén se levaron a cabo medicións de doses a pacientes en todos os equipos fixos de raios X da rede pública do Servizo Galego de Saúde.



SERVIZO DE CONSULTORÍA

Durante o ano 2021 o Servizo de consultoría proseguiu co seu labor de asesoramento continuado en planificación e adquisición de equipamento ao Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade. A actividade realizada para a dirección xeral de Recursos Económicos, céntrase no apoio aos seus proxectos en marcha, que durante a anualidade relacionados con elaboración de pregos e/ou informes de adxudicación para renove do hospital Álvaro Cunqueiro (quirófanos e ORL), equipamento de centros de primaria e diversas dotacións centralizadas con destino a diversos hospitais que podan ter necesidades similares.

Ademais de diversas actuacións de pregos e informes de compras de equipos concretos, abordouse a elaboración de informes de avaliación de ofertas de equipamento electromédico, mobiliario clínico e de oficina das áreas de reforma de medicina nuclear e radioterapia no hospital do Meixoeiro, unha dotación centralizada de ecógrafos e outra de implantes cocleares.

Mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria en Saúde (ACIS), continuando coas labores de apoio na liña de Terapias do Proxecto de Innovación CÓDIGO 100; proxecto que foi finalizado na presente anualidade. Iniciouse a colaboración no novo proxecto de Compra Pública Precomercial INNOVAMICROLAB e participouse no equipo que defendeu a candidatura do Servizo Galego de Saúde aos Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación, da que finalmente resultou gañador. Así mesmo, mantívose a liña de apoio na xestión da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, colaborando no desenvolvemento de diversos pregos e informes.

Especialmente salientable foron os traballos de apoio á posta en marcha do Centro de terapias avanzadas de Galicia.

No eido da xestión do sistema de calidade da empresa, continuouse coa evolución dos sistemas adaptados a ISO 9001:2015 tanto da sociedade como da Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, S.L. Continuouse, así mesmo, co apoio para a acreditación mediante ISO 15189 da FPGMX.

UNIDADE DE PRODUCCIÓN DE RADIOFÁRMACOS PET DE GALICIA

A tecnoloxía PET adquiriu unha enorme relevancia na maioría dos países desenvolvidos, incrementando a demanda dese tipo de exploracións por parte dos especialistas, á vista das súas cada vez maiores aplicacións e da súa eficacia diagnóstica nos eidos da oncoloxía, a cardioloxía e as patoloxías neurolóxicas.

PRODUCCIÓN FDG		
2019	2020	2021
9907	9805	10733

Dende 2014, a unidade comezou a traballar na produción de fluorocolina marcada con flúor-18 (FCOL), e dende os primeiros meses de 2015 subminístrase aos equipos PET que o soliciten para o diagnóstico de carcinoma prostático. A produción de FCOL no 2021 foi de 734 doses, fronte as 550 doses do 2020 e as 493 doses do 2019.

PRODUCCIÓN FCOL		
2019	2020	2021
493	550	734

No 2021 resolveuse o concurso para a adquisición de dous módulos de síntese novos que permitirán facer varias producións de FDG consecutivas, facilitando así o traballo habitual e a resolución de incidencias que poden aparecer durante estas sínteses.

A comezos do 2021, a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) concedeu o certificado de cumprimento das normas de correcta fabricación (NCF) para a elaboración da FDG e da FCOL, sendo a primeira unidade de radiofármacos PET 100% de xestión pública en conseguir este certificado.

PLATAFORMA MULTISERVIZO SAÚDE EN LIÑA

A sociedade continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, manténdose neste período a atención de chamadas para a solicitude de reprogramación/anulación de citas no ámbito da atención especializada.

CHAMADAS ATENDIDAS		
	2020	2021
TOTAL	1.228.914	1.143.424
CITA ATENCIÓN PRIMARIA	675.732	555.616
CITA ESPECIALIZADA	135.777	112.349



TELÉFONO DE ATENCIÓN A CIDADÁNS 881002021

No ano 2021 mantívose a opción de poder solicitar atención médica por parte dos cidadáns, que, desprazados na Comunidade Autónoma, puideran presentar sintomatoloxía vinculada coa COVID. Así como a opción de solicitar axuda para cubrir o formulario de obrigado cumprimento para todas aquelas persoas, foran residentes en Galicia ou non, que proviñan ou estivesen nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica por COVID-19. Incorporándose no mes de marzo de 2021 outros dous servizos: o de consultas/incidencias vacinación COVID e o de apoio ao servizo telefónico de tarxeta sanitaria para rexistrar a subscrición de SMS enviados polo Servizo Galego de Saúde.

OFICINA TÉCNICA DE SEGUIMIENTO (OTS)

A sociedade continuou co control da Oficina Técnica de Seguimento da execución do contrato do servizo loxístico integral do Servizo Galego de Saúde, avanzando no deseño de melloras na xestión e funcionamento da Central loxística.

UNIDADE CENTRAL DE RADIOFARMACIA

Galaria conta cun 27 % de participación e exerce a dirección técnica de GE Healthcare UCRG S.L. O obxecto social desta sociedade consiste na elaboración, dispensación e subministración de monodoses de radiofármacos aos Servizos de medicina nuclear da rede pública e centros privados, así como a xestión e recollida de residuos sólidos e radioactivos nos Servizos de medicina nuclear para o seu depósito nos oportunos almacéns.

Dende a participación coa que a sociedade conta na UCRG S.L., continuouse coa xestión e preparación dos radiofármacos convencionais que se administran nas unidades asistenciais de medicamento nuclear de Galicia.



PROXECTO CAR-T

Avanzouse no proxecto de creación dun centro de fabricación propio de medicamentos CAR-T. Durante 2021 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, Galaria e a Universidade de Santiago para a colaboración na posta en marcha do centro de fabricación de medicamentos CAR-T e outros medicamentos de inmunoterapia celular avanzada en Galicia e a creación dunha unidade mixta de investigación na materia. Dentro deste ámbito asinouse un acordo de cesión por 4 anos das instalacións do antigo Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos, situado no Monte da Condesa, para que se instale o Centro de fabricación de medicamentos CAR-T e inmunoterapias celulares.

Así mesmo, asinouse un Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, o hospital Clínic de Barcelona e Galaria para traballar conxuntamente na aplicación da tecnoloxía CAR-T en Galicia, na posta en marcha dun Centro de fabricación de medicamentos CAR-T en Santiago e no desenvolvemento de ensaios clínicos con medicamentos CAR-T, e iniciáronse diferentes expedientes de contratación vinculados coas obras de acondicionamento das instalacións e adquisición de equipamento de laboratorio por 1.579.050 euros.

En decembro de 2021 publicouse no DOG a encomenda de xestión do Servizo Galego de Saúde para o deseño e posta en marcha dun Centro de produción de CAR-T en Galicia cun importe asignado de 2.373.400 euros.

OUTRAS ACCIÓNS SIGNIFICATIVAS DO 2021

- Continuouse co apoio ao Instituto Galego de Oftalmoloxía e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica nas necesidades de xestión de carácter laboral, administrativo, calidade e contratación pública que identificáronse durante o 2021.
- Así mesmo, no 2021 encárgase a Galaria avanzar no proxecto de implantación dun centro de protóns en Galicia, formalizándose un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo. O obxectivo foi establecer as condicións para o intercambio de información e colaboración en I+D, enfocado na implantación da técnica de protonterapia en Galicia, onde se analizan as alternativas tecnolóxicas, posibilidades construtivas e fórmulas de implantación.
- Por último, e seguindo co desenvolvemento de proxectos vinculados coa economía circular no ámbito sanitario, Galaria participa xunto con outros organismos públicos e entidades sociais nun proxecto europeo de carácter medioambiental, económico e cultural cuxo obxectivo é combinar o deseño, sustentabilidade, accesibilidade e estética para participar e cumprir co chamado Pacto Verde Europeo; este proxecto europeo coñécese como Novo Bauhaus, do que o Servizo Galego de Saúde é partner oficial. Así mesmo participouse no proxecto Life Resystal.
- No exercicio 2021, a sociedade mantivo a acreditación conforme a norma internacional ISO 9001:2008.

ACTIVIDADES EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

- Polo que respecta á actividade científica, a Unidade de oncoloxía radioterápica conxuntamente co Servizo de radiofísica, e coa organización EORTC, continuou co desenvolvemento dun proxecto multicentro, que conta coa axuda do Instituto Carlos III, para un proxecto de investigación baseado no uso de imaxes para a observación e cuantificación de tumores sometidos a radioterapia, co obxectivo de establecer unha influencia e pauta de resposta á radioterapia. Este proxecto conta coa colaboración do Memorial Sloan-Kettering Cancer Center de Nova York e está aprobado polo comité de ética, permitindo incluír pacientes no ensaio clínico fase III EORTC-1414-, o que brindará aos pacientes de próstata a oportunidade de beneficiarse do uso de fármacos innovadores e con menores efectos secundarios.
- O Servizo de radiofísica e a Unidade de oncoloxía radioterápica continuaron co proxecto HeNeBra financiado en tres anos polo Instituto de Salud Carlos III, desenvolvéronse os protocolos de inclusión de pacientes e os protocolos de imaxe en colaboración con Philips.
- Mantense un proxecto en colaboración co Servizo de radiofísica, o Servizo de radiodiagnóstico e co Servizo de uroloxía da Área Sanitaria de Vigo chamado TATANKA: Intelixencia artificial aplicada ao estudo radiómico de quistes renais. Unha das comunicacións enviadas cos resultados deste proxecto co título "How to prepare CT scanners from a Radiology Department for radiomic studies", resultou merecedora do Scientific Exhibition Awards do Congreso europeo de radioloxía (ESR).
- Outro proxecto investigador que se mantén este ano entre o Servizo de radiofísica e o Servizo de oncoloxía radioterápica foron o proxecto EORTC QoL Rectal cáncer e tamén o proxecto: EORTC QoL H&N.
- Continuouse colaborando co proxecto HERO Health Economics in Radiation Oncology, que busca determinar o impacto económico dos tratamentos radioterápicos a nivel europeo. Este proxecto europeo é da sociedade europea de radioterapia e a participación do Servizo de radiofísica e a través da SEFM.

- O Servizo de radiofísica participa no proxecto europeo SAMIRA destinado ao estudo da implantación da Directiva 2013/59/Euratom nos diferentes estados da UE, e que en 2021 deu os seus pasos iniciais.
- En análise de riscos, o Servizo de radiofísica desenvolveu en cooperación coa Unidade de oncoloxía radioterápica unha análise detallada de riscos no proceso de radioterapia seguindo a metodoloxía MARR (Matrices de Análises de Riscos en Radioterapia) desenvolvida conxuntamente polo Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, o CSN e as Sociedades Científicas de Física Médica (SEFM), Protección Radiolóxica (SEPR), Oncoloxía Radioterápica (SEOR) e Técnicos de Radioterapia (AETR).
- Mantense o desenvolvemento do proxecto europeo SINFONIA iniciado no último trimestre do ano 2020, o cal consiste na avaliación do risco de radiación por efectos prexudiciais da exposición médica durante o tratamento radioterápico de pacientes con linfoma ou tumor cerebral. Ten una duración de catro anos. Neste proxecto traballan unha ducia de institucións de outros tantos países, sendo Galaria unha desas institucións.
- Polo que respecta á Unidade de diagnóstico por imaxe, durante o ano 2021 presentou dúas comunicacións no Congreso Nacional de la Sociedad Española de Diagnóstico del Abdomen.
- Finalmente, a Unidade de medicina nuclear de Vigo, ademais de colaborar co proxecto SINFONÍA, participa a través do equipo PET/CT en tres ensaios vinculados con diferentes enfermidades oncolóxicas (cancro de páncreas, mama) e de captación cardíaca en gammagrafía ósea.

